



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 349

VIII lexislatura

8 de novembro de 2010

Fascículo 4

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

4. Procedementos de información

4.3. Preguntas

4.3.3. Preguntas para resposta por escrito

- 08/4PRE-6774(51949)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel e Táboas Veleiro, María Teresa

Sobre o número de axudas para a rehabilitación de vivendas solicitadas e concedidas nos anos 2009 e 2010 no concello do Rosal

[109785](#)

- 08/4PRE-6775(51950)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel e Táboas Veleiro, María Teresa

Sobre o número de axudas para a rehabilitación de vivendas solicitadas e concedidas nos anos 2009 e 2010 no concello de Salceda de Caselas

[109787](#)

- 08/4PRE-6776(51951)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel e Táboas Veleiro, María Teresa

Sobre o número de axudas para a rehabilitación de vivendas solicitadas e concedidas nos anos 2009 e 2010 no concello de Salvaterra de Miño

[109789](#)

- 08/4PRE-6777(51952)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel e Táboas Veleiro, María Teresa

Sobre o número de axudas para a rehabilitación de vivendas solicitadas e concedidas nos anos 2009 e 2010 no concello de Sanxenxo

[109791](#)


- 08/4PRE-6778(51953)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel e Táboas Veleiro, María Teresa

Sobre o número de axudas para a rehabilitación de vivendas solicitadas e concedidas nos anos 2009 e 2010 no concello de Silleda

[109793](#)



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


Isabel Sánchez Montenegro, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

As especies exóticas invasoras constitúen, hoxe en día, unha grave ameaza para a biodiversidade. Na Galiza, o impacto das especies exóticas invasoras é cada vez máis importante e, nalgúns casos, é xa irreparable.

Unha desas especies é o cangrexo americano (*Procambarus clarkii*) un gran depredador cuxa poboación non deixou de medrar nos últimos anos na Galiza ata acadar niveis moi preocupantes na actualidade.

O cangrexo americano ocasiona danos moi importantes ás especies piscícolas autóctonas, nomeadamente ao cangrexo de río autóctono (*Austropotamobius pallipes*), así como a desaparición de especies vexetais a causa dos túneles que cava o cangrexo para vivir.

No río Xallas a súa presenza empezou a notarse, no tramo medio inferior, hai máis ou menos un decenio. Mais dende fai uns dous meses a súa abundancia é tal que case se pode cualificar de praga, sobre todo, nas proximidades das parroquias de Brandomil (Zas), cerca da ponte de orixe romana, e de Orbellido, en Baíñas (Vimianzo). Ademais, xa se teñen visto exemplares no encoro de Santa Uxía, no Ézaro.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos esta proliferación de cangrexo americano (*Procambarus clarkii*) no río Xallas un grave problema e, polo tanto, consideramos imprescindible a adopción de medidas activas dirixidas a erradicar esa especie invasora de dito así como a adopción de medidas preventivas para impedir a súa extensión.

Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas

1ª) Ten adoptado ou vai adoptar a Xunta de Galiza algunha actuación dirixida á erradicación do cangrexo americano (*Procambarus clarkii*) no río Xallas ?

2ª) En caso afirmativo, cales son esas actuacións?

3ª) Ten adoptado ou vai adoptar a Xunta de Galiza algunha medida preventiva dirixida a impedir a extensión do cangrexo americano (*Procambarus clarkii*)? Cales?

Santiago de Compostela, 6 de Outubro de 2010

Asdo. **Isabel Sánchez Montenegro**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 06/10/2010 13:57:51